



## **COMUNICADO OFICIAL DO DÍA MUNDIAL DAS ARTES ESCÉNICAS PARA A INFANCIA E A XUVENTUDE 2022**

**Sue Giles – Presidenta ASSITEJ Internacional**

Día Mundial das Artes Escénicas para a infancia e a mocidade é un acontecemento esencial no Ano ASSITEJ e a nosa organización anima a todas as persoas a «Levar un neno ao teatro hoxe» «levar a unha nena ao teatro hoxe» – un recordatorio da responsabilidade dos adultos que rodean aos nenos e nenas, mozos e mozas de posibilitar a súa experiencia artística tanto como sea posible.

Levar a un neno ao teatro supón voltar a conectar co espectáculo en vivo, coas ideas e as emocións, coa vinculación entre persoas, e representa a defensa dos dereitos da infancia e a mocidade de acceder ao arte e a cultura e á liberdade de expresarse libremente. Prestar atención aos nenos, ás nenas e aos mozos e mozas é moi importante, pero aínda máis o é escoitalos e aceptar a súa necesidade de cambio.

Como di o Manifesto de ASSITEJ, creemos que hai que facer moito máis para cumprir coas obrigas de tódolos países con respecto aos artigos 13 e 31 da Convención dos Dereitos do Neno das Nacións Unidas.

Isto é especialmente importante á luz da actual pandemia, a crise dos conflitos que se desenvolve en tantos países do mundo e a urxente necesidade de equidade e igualdade de oportunidades para que todos os nenos e todas as nenas vivan nun mundo sostible, seguro e próspero. A arte e a cultura permítenos imaxinar o mundo que desexamos crear para e cos nosos nenos, nenas e mozas e por iso son cruciais á hora de emprender accións para garantir mellores condicións para as nosas sociedades.

Agora é o momento en que o teatro e as artes escénicas en vivo son máis necesarios que nunca para reafirmar que a imaxinación pode vencer o medo. É un momento no que o valor e a convicción dos e as artistas que se dedican ao teatro e as artes escénicas para o público infantil e xuvenil en todo o mundo poden contribuír a crear un espazo para a liberación, a catarse e a expresión da alegría nos nenos, as nenas e os mozos de todo o mundo. Fomos testemuñas dunha creación tan enxeñosa e decidida, dun compromiso tan grande e somos conscientes, polos exemplos de todos os nosos membros, de que a convicción de seguir facendo teatro e espectáculos para desde a primeira infancia ata os mozos adultos non se desvaneceu. Somos unha comunidade que se fortaleceu.

Os nenos, nenas, mozos e mozas sentiron o impacto da falta de socialización, de confianza e de esperanza, e isto afectou profundamente á súa saúde mental; en todas partes, os responsables están a decatarse e prestando atención. O noso mozo público e os participantes necesitan máis que nunca a arte, a cultura, o teatro e o espectáculo; esas experiencias esenciais que proporcionan oportunidades, puntos de vista máis amplos, fan posible o imposible, a diversión e o asombro, a beleza e a emoción; experiencias que dan sentido a un mundo caótico e lémbrennos os vínculos entre os seres humanos.

O Día Mundial das Artes Escénicas para a Infancia e a Mocidade anima aos adultos para «levar a un neno ao teatro hoxe» «levar a unha nena ao teatro hoxe» – dondequiera que poida ocorrer: na rúa, nun edificio, na pantalla, nas súas propias habitacións, a través da radio e os libros, a través do xogo e a representación, a través da creación e a produción. Estaremos alí, co que podamos, para proporcionar a maxia que todos e todas botamos en falta.

**Sue Giles**  
**Presidenta de ASSITEJ Internacional**